

Educación para a cidadanía e Constitución

Dionisio Llamazares Fernández

Catedrático emérito da Universidade Complutense e director da cátedra de Laicidade e Liberdades Públicas da Universidade Carlos III de Madrid.

Palabras clave

Convivencia, obxección de conciencia, valores constitucionais, Dereitos Humanos, laicidade.

Dende a aparición da proposta do Ministerio de Educación e Ciencia sobre a creación da materia de Educación para a Cidadanía, maniféstanse dous argumentos de oposición frontal á iniciativa: a falta de competencia do Estado para ensinar “moral” e a pretensión de adoutrinamento que esconde. Actualmente voces más moderadas engaden outras: rexitamento parcial do seu contido, falta de consenso na súa determinación e o seu carácter obligatorio.

Con este artigo intento ensaiar algunas respuestas como achega ao debate.

A educación para a cidadanía non é unha idea orixinal do MEC, e non ten nada de nova, nin en España nin en Europa. Atreveríame a dicir que o sistema público de ensino gratuito para todos nace nos seus impulsos, os ilustrados, xustamente coa pretensión primeira de formar bons cidadáns.

Tampouco é un capricho. O seu fundamento está no noso texto constitucional; non é máis có cumprimento dun mandato. O art. 27.2 da Constitución Española non enuncia un

desexo, nin un consello, é un mandato inequívoco dirixido aos poderes públicos que estes están obrigados a cumplir.

No art. 27 non se mencionan nin as matemáticas, nin a xeografía, nin a historia, etc., pero si se alude expresamente ao que debe ser o obxecto da educación: “o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto dos principios democráticos de convivencia e dos dereitos e liberdades fundamentais”.

Este texto debe entenderse, necesariamente, en conexión co art. 10.1: o desenvolvemento da



personalidade debe ser plenamente libre (“libre desenvolvemento da personalidade”); o seu fundamento, así como o dos dereitos fundamentais, está na “dignidade da persoa humana” e neses piáres sostéñense a orde política e a paz social.

Aquí achégansen os vimbios cos que construír o cesto diso que chamamos “Educación para a cidadanía”.

De aquí derivan, pegados a eles, como a súa sombra e ao seu servizo, os chamados valores superiores de ordenamento: liberdade, igualdade, xustiza e pluralismo; e os seus principios informadores supremos, como a outra cara de cada un dos dereitos fundamentais.

Paréceme evidente que eses valores e esos principios deixan ver inexorablemente normas de comportamento, cara a si mesmo e cara aos outros. Pois ben, esas normas son as que integran o contido da moral pública, definida polo noso Tribunal Constitucional como “mínimo común ético dunha sociedade acollido polo derecho”, na que se inclúe o que teñen en común os distintos códigos morais en presenza. Non é só ese mínimo común, senón tamén o mesmo mínimo común.

Non hai posibilidade de contradición entre os mandatos imperativos (que impoñen obrigas ou prohibicións) das morais en presenza e a moral pública, salvo que os preceptos das morais privadas entren en contradición con ela. A

contradicción posible é dunha soa dirección.

Sobre a obxección de conciencia

Non hai ningunha base que fundamente a posibilidade de obxección de conciencia, a non ser a contradición consigo mesma. Non hai posibilidade de contradición entre conciencia e dignidade da persoa, os seus dereitos fundamentais, o seu libre desenvolvemento ou os valores constitucionais comúns.

Unha hipotética obxección carece de fundamento e non ten a máis mínima posibilidade de prosperar procesualmente. É verdade que, segundo o Tribunal Constitucional, a obxección de conciencia forma parte do contido do derecho de liberdade de conciencia; pero non o é menos que é un derecho de natureza e exercicio excepcional, segundo o mesmo Tribunal, se non queremos que perda sentido a existencia misma do derecho. É certo que o Alto Tribunal afirma que o derecho é esixible, aínda que non exista lei de desenvolvemento nin lei de exercicio do derecho. Pero non o é menos, que dá por suposta a esixencia de norma legal de recoñecemento, cando se obxecta unha obriga de carácter xeral imposta pola lei. De aí que sexa necesario, se se trata de obxección a unha obriga xeral, e esta éo, que a obxección estea expresamente prevista, *nominatim* mesmo, na lei,

segundo reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo. Suxerir que as familias fagan uso da obxección, dada a súa inviabilidade, paréceme unha irresponsabilidade.

Os bloques fundamentais da disciplina articúlanse arredor destes temas:

- 1) Entre os valores comúns a) a dignidade da persoa humana, e os dereitos humanos; b) valores superiores e principios constitucionais sobranceiros; c) moral pública como elenco de deberes para os outros, para coa comunidade de convivencia.
- 2) Entre os valores diferenciais compatibles cos comúns: a lingua, a cultura, as tradicións, a historia ou as creanzas relixiosas, polo menos as presentes na aula, na medida en que non sexan contido explícito doutras materias curriculares obligatorias para todos.
- 3) As regras de convivencia democrática con especial atención aos principios de representación, participación e responsabilidade solidaria.

¿Como se pode discutir a lexitimidade e competencia do Estado con respecto a estes contidos e á educación neles de todos os alumnos, crítica e non dogmaticamente, por suposto, para a súa formación como cidadáns?

A Educación para a cidadanía é más

Suxerir que as familias fagan uso da obxección, paréceme unha irresponsabilidade

que educación na moral pública, pero tamén é educación moral; non se identifica coa ética, pero inclúea.


Como vimos, o punto de partida e cabeceira do sistema é a dignidade da persoa e o seu libre desenvolvemento. ¿Como pode cuestionarse que forme parte do contido dessa disciplina o relativo á identidade persoal e ao seu libre desenvolvemento, á autoestima e á estima dos demais e aos demais, da orientación sexual como parte da identidade persoal, das relacións de parella como un dos marcos más axeitados para o libre desenvolvemento da personalidade, de acordo coas propias conviccións vividas e sentidas como parte dun mesmo?

Véxámolo dende outra perspectiva.

A Constitución é a plasmación dun pacto que inclúe fundamentalmente tres compromisos: respecto dos valores consensuados como comúns, respecto dos valores que son diferentes nunha sociedade pluralista, sempre que non entren en contradición cos comúns e, finalmente, respecto dunhas regras procedimentais; os principios democráticos de convivencia, que nos permitan superar as posibles situacións de conflito, así como coordinar os nosos esforzos para a consecución de obxectivos percibidos como comúns (solidariedade).

Cidadán é o que asume este triple compromiso. A nosa patria non é nin un determinado espazo xeográfico, nin sequera unha determinada unidade de convivencia; a nosa patria son eses valores que se erixen en obxectivo fundamental da nosa actividade en común.

Nada se asume nin nada se respecta se non se coñece. De aí a necesidade do ensino dos valores de cidadanía; ensino obxectivo e crítico, aberto. Como dixo o



noso Tribunal Constitucional, eses valores e os principios constitucionais non cumplen unha función meramente negativa, de límite, respecto da educación, senón que forman parte do seu contido.

Parte integrante do contido da materia non son só os valores comúns, nin as regras procedimentais democráticas, senón tamén, quero subliñalo, os valores diferenciais que non sexan incompatibles cos comúns. Os nosos nenos e os nosos adolescentes deben saber que existen outras culturas, outros costumes, outros modelos de vida, outras crenzas relixiosas e outras historias. En particular, deben dárseles a coñecer as que teñan presenza na aula ou no centro escolar, para que dispoñan dun coñecemento máis próximo, sen fantasmais e espantallo, dos seus compañeiros e compañeiras de pupitre.

Por iso non entendo que nos currículos elaborados polo Ministerio non haxa ningunha referencia ás relixións. Sospeito que para darlle sentido á materia alternativa ao ensino confesional á relixión. A pregunta salta espontánea, ¿é que os que reciben ensino confesional non a necesitan? ¿Non estaremos a crear un factor inexorable de *guetización*? Porque eses nenos o que reciben é adoutrinamento nunhas determinadas


crenzas; ningún necesita máis ca eles este ensino non confesional da relixión do compañeiro, para asegurar a tolerancia como respecto, o pluralismo e a convivencia pacífica.

Se se le atentamente o art. 27.2, nel non só se lles impón aos poderes públicos a obriga de ofertar esa disciplina, senón que se debe configurar como obligatoria para todos. Os poderes públicos non teñen unha marxe discrecional que lles permita ofertala simplemente como voluntaria. O noso Tribunal Supremo, que se de algo non é sospeitoso é de veleidades progresistas, díxoo sen arrodeos. Os números 2 e 3 do art. 27 refirense a dous tipos de moral como obxecto do ensino; á moral relixiosa o n.º 3; á moral aconfesional ou cívica o n.º 2. E engade decontado: Non se trata de dúas alternativas; a moral aconfesional ou cívica é obligatoria para todos; a confesional só para os que libremente a pidan.

Semella innecesario recordar que a Constitución foi froito do pacto. Non se trata únicamente do resultado do xogo de maiorías e minorías, senón de algo máis. De aí que se esixan nada menos de dous terzos dos votos favorables de cada unha das cámaras e referendo para a modificación dos artigos referidos a estes temas. Pero aínda hai máis, esa



Unha persoa que se queixa de que o seu fillo non se pasea coa súa amiga por unha rúa segura.



Acusar de adoutrinamento a introdución desta materia mostra un total descoñecemento do estado democrático e do noso sistema educativo

xa haxa algunas diferenzas na interpretación das consecuencias derivadas e, dende logo, na intelección da relación entre eles. De aí que, consciente diso, o sistema educativo dea insistir no seu tratamento obxectivo e crítico.

Tanto o Estado como o sistema educativo están abastecidos de mecanismos que permiten controlar ese modo de tratamiento.

A neutralidade ideolóxica e relixiosa, di o Tribunal Constitucional, obriga a todas as institucións do Estado, especialmente ás educativas, non ao sistema educativo en canto tal, senón tamén aos profesores.

Os que alertan contra o adoutrinamento esquecen que os profesores, en virtude da liberdade de cátedra, están defendidos fronte a calquera intento do poder de impoñerelles unha determinada ideoloxía ou crenza que deban seguir na súa actividade docente e, ao mesmo tempo, están tamén eles obrigados polo deber de neutralidade que os forza a autolimitar a súa liberdade de conciencia ("deber de reserva") en beneficio da liberdade do alumno, quedándolle totalmente prohibidos, tanto o sectarismo coma o adoutrinamento.

¿A que vén tanto escándalo e tanta algarabía?

¿Non estaremos repetindo o espectáculo da loita con desaforados xigantes e fementidos malandrines, que logo se tornan muíños de vento ou odres de viño?

modificación esixiría o abandono previo da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, o Convenio Europeo de Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais, o Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, etc., ou o que é o mesmo, das bases dunha hipotética moral pública universal.

¿Cómpre de verdade un novo pacto expreso e o que o fixo posible, o consenso?

Supонse que os contidos desta disciplina xa se impartían por unha dobre vía; transversalmente ou como parte integrante doutras materias, ou ambas as dúas cousas ao mesmo tempo. Curiosamente non se formulou, e menos se organizou, unha protesta seria. Por que facelo agora?

Acusar de adoutrinamento a introdución desta materia mostra, no mellor dos casos, un total descoñecemento do que é o estado democrático e do noso sistema educativo.

Porque o noso ordenamento ten previstos os mecanismos que nos garanten a eliminación dese risco.

Polo momento convén non confundir goberno do momento e Estado. Aquí referímonos ao segundo, non ao primeiro.

Pois ben, unha das características

esenciais do estado social e democrático de dereito é a neutralidade ideolóxica e relixiosa (laicidade) como única garantía realmente eficaz da igualdade de todos os cidadáns con independencia das súas ideas ou conviccions e crenzas.

O que non significa que o Estado careza de valores cos que se identifica e que está obrigado a defender. Isto é o que acontece cos valores contidos do pacto constitucional: dignidade da persoa, dereitos humanos, valores superiores e principios sobranceiros do ordenamento e moral pública, respecto dos valores diferenciais dos distintos grupos a prol do pluralismo e, por último, respecto dos principios democráticos de convivencia.

Pero é neutral, ten que ser exquisitamente neutral, fronte aos valores non comúns, ainda que compatibles con eles. Nese campo o Estado limitase a ser un árbitro que aplica imparcialmente as regras de xogo.

Aínda hai máis. Os valores comúns non son un dogma infalible e inmutable, nin pechan a chave e tranca o abano de posibilidades de interpretación do seu contido ou das relacions entre eles. Por exemplo; ningún discute que a igualdade e a liberdade sexan valores superiores do ordenamento como di o noso texto constitucional; probablemente